

Comentario de texto 1ªA

Este é un fragmento dunha obra do filósofo americano James Rachels, *Introducción a la filosofía moral*. No fragmento, Rachels defende a tese de que non existen verdades universais en ética, dito doutra forma, que carecemos dun criterio obxectivo para distinguir o correcto do incorrecto.

Poderíamos clasificar o fragmento como parte dunha disciplina filosófica, a ética, que é a disciplina que se encarga de analizar criticamente a moral, distinguindo as accións correctas das accións incorrectas.

James Rachels comeza contando unha historia protagonizada polo rei Darío, que xuntou aos calacios cos gregos para comparar os seus códigos morais e facer ver que estes difiren segundo a cultura. Os gregos incineraban os cadáveres dos seus proxenitores, mentres que os calacios os comían. Darío propúxolle a cada grupo que lles parecería adoptar o rito dos seus contrarios, o que horrorizaba tanto a gregos como a calacios.

O autor conta esta historia para exemplificar ou ilustrar outra idea, que é a de que "culturas diferentes teñen códigos morais diferentes". Un código moral é unha serie de regras ou normas que rexen a conducta dun grupo. Así, a idea de que se ten do que é correcto e o incorrecto, dependería do grupo ao que se pertence. Os calacios consideran correcto comer aos pais, mentres que os gregos cren que tal acto é repudiable.

O autor considera que o feito de que haia diferencias nos códigos morais entre diferentes culturas, implica que todas as verdades da ética serían relativas. É dicir, non habería accións correctas ou incorrectas nun sentido universal, o ben e o mal dependerían da consideración e circunstancias de cada cultura. Esta postura defendida por Rachels denomínase relativismo ético. Segundo o relativismo ético, sería imposible escapar á influencia da propia cultura e adoptar unha perspectiva imparcial en ética.

Finalmente, no texto afírmase que a moral de cada cultura se mantén unicamente gracias á transmisión interxeneracional: os antepasados ensinan aos seus descendentes as súas ideas sobre o correcto e o incorrecto. Por tanto, é grazas á tradición que os membros dunha comunidade adquieren un sentido da moral. A tradición, a diferenza das ciencias ou outras disciplinas racionais, non esixe unha proba, acéptase de forma acrítica.

A postura que se defende no fragmento, o relativismo ético, pode previrnos de adoptar actitudes pouco recomendables, como por exemplo, actitudes etnocéntricas. Con todo, o relativismo ten importantes problemas. Por unha banda, non é certo que non existan verdades universais en ética. Por exemplo, sacrificar bebés está mal, e debería estar mal para todo o mundo. Se algunha cultura considerase que sacrificar bebés está ben, esa cultura estaría equivocada. E, por outra banda, o texto parece supoñer que todos os membros dunha cultura comparten o mesmo código moral, cando o certo é que existen importantes diferencias entre os individuos dunha mesma cultura.

En conclusión, a tese que defende Rachels, de que non existen verdades universais en ética, non é correcta, e aceptala ten consecuencias moi negativas. Como argumentei, se existen verdades universais en ética e, por outra parte, existen importantes diferencias nos códigos morais dentro dunha mesma cultura. Con todo, as apreciacións do autor son moi importantes, pois debemos

ter unha actitude respectuosa con certas diferencias morais entre as culturas, por moito que outras destas diferencias non sexan aceptables.